



RÚBRICA E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA MODELO PAU XEOGRAFÍA 2025

Proba modelo de Xeografía PAU 2025

Rúbrica de respostas á proba

PREGUNTA 1. A SUSTENTABILIDADE DO MEDIO FÍSICO EN ESPAÑA. (2,5 puntos)

Analice a seguinte nova

Resposta tipo:

No clima mediterráneo os veráns son cálidos, as súas temperaturas son superiores aos 22º de media, e **as precipitacións son escasas e de tipo treboento** pola calor intensa que experimenta esta área durante a época estival. O mar Mediterráneo ao ser un mar continental ten as súas augas quentes durante o verán e acumula moita enerxía o que alimenta procesos de **cicloxénese** que desembocan en fenómenos treboentos e de chuvias intensas no outono. A baixa presión térmica que se crea sobre o Mediterráneo froito da intensa evaporación pola calor acumulada no verán combinada cun embolsamento de aire frío nas capas altas garante violentas precipitacións que provocan o desbordamento de ríos e inundacións. Estes **contrastes** tan potentes entre unha acentuada **aridez estival e chuvias concentradas no comezo do outono** son característicos do litoral mediterráneo español. Dende a costa catalá ata a costa almeriense o total de precipitación caída vai diminuindo de valores moderados a escasos. **No sueste español o nivel de aridez é considerable**, sendo o punto de partida dunha diagonal de desertización que avanza cara o interior peninsular. Así pois podemos considerar que un verán cálido e seco é algo propio da área litoral mediterránea e o interior peninsular, pero o que está a ser cada vez máis un síntoma do quecemento global é a frecuencia das vagas de calor. (1,25 puntos)

Como dí o artigo **as vagas de calor son cada vez máis duradeiras, máis intensas e afectan a máis territorio** o que pode converter á península nun espazo hostil nos veráns. Desá situación só quedan a salvo o norte e noroeste peninsular bañados polo Océano Atlántico e o mar Cantábrico. A estatística é contundente. Neste século levamos batidos moitos récords: Os 10 anos máis cálidos da serie histórica son deste século. Os científicos teñen claro que a actuación humana ao queimar os combustibles fósiles está liberando **gases de efecto invernadoiro**. Os 200 anos de industrialización está a crear unha campá de gases (CO2, metano...) que impiden que os raios solares que quentan a superficie da Terra e que saen rebotados da mesma poidan saír de novo ao espazo exterior pois en realidade son atrapados pola campá de gases e volven á superficie provocando un **incremento de temperatura**. Ese quecemento da superficie está a fusionar os xeos dos glaciares e, sobre todo, das latitudes polares **incrementando o nivel do mar** co **risco de inundación** de zonas costeiras e ameazando a existencia de numerosas illas do Pacífico. No caso español moitos lugares costeiros do Mediterráneo e tamén do Atlántico están a experimentar a desaparición progresiva de praias e infraestruturas portuarias. As vagas de calor e o avance do mar **poden poñer en perigo moitos negocios turísticos da área mediterránea**. Sabemos ademais que existen altas probabilidades de que ese desexo poida curtar a corrente quente superficial que chega dende o golfo de México e que propicia que teñamos invernos suaves nas costas occidentais europeas. Aínda que este escenario sexa unha mera hipótese poderíamos consideralo como unha consecuencia máis do quecemento global.

Aínda que moitos poidan poñer en dúbida o troco climático, os científicos teñen cada vez máis evidencias de que a actividade humana é un acelerador dos trocos que estamos a experimentar que se traducen en veráns moi cálidos e fenómenos treboentos de moita violencia con microtornados no mar. (1,25 puntos)

Rúbrica de resposta. Total 2,5 puntos

Moi deficiente (0- 0,74)	<p>Contido: Non hai aportación de información sobre as condicións dos veráns na área mediterránea. Non hai unha explicación causal sobre as razóns do troco climático e os seus efectos. O único que hai é unha paráfrase do artigo.</p> <p>Redacción: Moi pobre, non usa o léxico propio da área ou non hai precisión no uso dos conceptos.</p>
Deficiente (0,75- 1,24)	<p>Contido: Hai unha información moi superficial, reiterativa sobre as condicións xerais dos veráns na área mediterránea. Hai unha explicación causal moi elemental sobre as razóns do troco climático e os seus efectos. Descritivo, non hai unha relación causal ben argumentada.</p> <p>Redacción: Pobre, contén imprecisións no uso dos conceptos, frases incoherentes, adoce do uso dunha linguaxe académica</p>
Aprobado (1,25- 1,74)	<p>Contido: Hai unha información correcta sobre as condicións xerais dos veráns na área mediterránea, pero non establece unha relación causal entre as altas temperaturas do mar Mediterráneo e a cicloxénese propia da área coa conseguinte violencia das precipitacións.</p> <p>Hai unha explicación correcta sobre o que é o quecemento global, pero non comenta todos os seus efectos.</p> <p>Redacción: Correcta en liñas xerais. Non hai referencias ao texto para enriquecer a explicación.</p>
Notable (1,75- 2,24)	<p>Contido: Hai unha información correcta sobre as condicións xerais dos veráns na área mediterránea, establece unha relación causal entre as altas temperaturas do mar Mediterráneo e a cicloxénese propia da área, comenta a frecuencia de DANAs na zona, enlazando o que acontece en superficie e en altura, pero non establece matices e diferenzas do clima ao longo da costa mediterránea.</p> <p>Hai unha explicación correcta sobre o que é o quecemento global e comenta os seus efectos máis evidentes (desxeo, aumento do nivel do mar), pero esquece a aparición de sucesos meteorolóxicos extremos.</p> <p>Redacción: Correcta. Hai referencias ao texto para enriquecer a explicación.</p>
Sobresaliente (2,25- 2,5)	<p>Contido: Hai unha información correcta sobre as condicións xerais dos veráns na área mediterránea, establece unha relación causal entre as altas temperaturas do mar Mediterráneo e a cicloxénese propia da área, comenta a frecuencia de DANAs na zona, enlazando o que acontece en superficie e en altura e establece matices e diferenzas do clima ao longo da costa mediterránea incidindo na aridez extrema do SE español.</p> <p>Hai unha explicación correcta sobre o que é o quecemento global, comenta os seus efectos máis evidentes (desxeo, aumento do nivel do mar, posible de afectación da corrente cálida do golfo) e lembra que o troco climático trae sucesos meteorolóxicos extremos.</p>

	Redacción: Correcta. Hai referencias ao texto para enriquecer a explicación e as relacións están ben traídas cun uso dos conectores que enriquecen o discurso e converten a súa lectura en algo fluído e coherente.
--	--

PREGUNTA 2. SECTOR PRIMARIO. OS ESPACIOS RURAIS: IDENTIFICACIÓN DE PAISAXES AGRARIAS. (2,5 puntos)

Observe a fotografía e responda un destes dous apartados

2.1:

Estamos ante unha **paisaxe agraria da área mediterránea**. Nesta área podemos ter unha agricultura de secaño que descansa sobre a triloxía clásica de cultivos (cereais, oliveira e vide), extensiva, que se adapta ás condicións climáticas e edafolóxicas dominantes desta área e non necesita máis aporte de auga que a caída polas precipitacións. A outra paisaxe que podemos atopar, especialmente, no litoral levantino é a **agricultura de rega**. Esta paisaxe recollida na imaxe corresponde con este tipo de agricultura que precisa unha notable infraestrutura de rega. **É de tipo intensivo, os seus rendementos son moi notables e ten unha importancia enorme como produto de exportación**. Podemos dicir que a horta de Europa está **localizada** no litoral levantino. As comunidades por onde se estende son: **Andalucía (na parte leste), Rexión de Murcia, Comunidade de Valencia e Cataluña**.

O clima desta área ten uns **invernos suaves**, sen xeadas, e uns **veráns calorosos cunha aridez que oscila de tres a seis meses**. A precipitación é moderada no nordeste peninsular, pero vai descendo a valores escasos, semidesérticos no sueste peninsular. Así pois dende o punto térmico goza dunhas condicións idóneas, se ben, **ten a dificultade das escasas precipitacións**. **Os solos son moi fértiles**, froito da acumulación de materiais sedimentarios arrastrados polas chuvias torrenciais. Isto dá lugar a **unha chaira litoral moi produtiva** que contrasta coas estribacións montañosas próximas dos sistemas Béticos, Ibérico e Costeiro catalá. Dominan os materiais arxilosos e calcarios. A zona contén numerosos acuíferos dos que se extrae auga. Famoso é o Tribunal das Augas de Valencia que historicamente dirime os conflitos entre regantes. **As técnicas de aproveitamento das augas remóntanse aos tempos da presenza musulmá**, na Idade Media, que ademais é a introdutora de novos cultivos (arroz, cítricos, produtos de horta).

En tempos recentes o **incremento da superficie de rega** aumentou as necesidades de auga o que derivou no **polémico transvase Tajo- Segura** que beneficia aos regantes murcianos en detrimento do uso da auga que puidera destinar a comunidade de Castela- Mancha. Na área almeriense destaca o **cultivo baixo plástico** con técnicas modernas como os **cultivos enareados e os hidropónicos**. A orientación destes cultivos cara os mercados europeos, cunha notable rendabilidade económica, fixo que unha área desértica e de baixa renda per cápita como era a provincia de Almería acabara por transformarse nunha provincia onde a xeración de riqueza atrae a unha numerosa **poboación inmigrante que son a man de obra que se emprega nos invernadoiros**.

O **grao de sustentabilidade** ante o crecemento da área de rega é un dos problemas ambientais aos que se enfronta España. O custe ambiental destas prácticas agrarias intensivas orientadas ao mercado deixa **resultados negativos en áreas sensibles como a Manga do Mar Menor onde**

hai **procesos de eutrofización** pola masiva presenza de nitratos nas súas augas como consecuencia do uso masivo de fertilizantes. Estes procesos reducen os niveis de osíxeno nas súas augas coa consecuente morte da fauna da zona. **Outro problema ambiental é a salinización de moitos acuíferos costeiros** ao producirse unha sobreexplotación das súas augas. Outro problema ambiental está relacionado co delta do Ebro onde hai procesos de regresión e subsidencia producidos pola redución do aporte de sedimentos do Ebro pola proliferación de encoros.

Finalmente estas prácticas agrícolas intensivas precisan cada vez unha maior cantidade de fertilizantes pola **degradación dos solos** e un incremento de axentes químicas nas súas augas superficiais e subterráneas.

2.2:

A PAC é unha das políticas máis importantes da UE. A través das subvencións e regulamentacións ten a capacidade de orientar as producións agrarias. Na actualidade a PAC, tras a súa última reforma no ano 2021, persegue a **calidade e o aumento da competitividade do produto agrario europeo, a seguridade alimentaria a través do emprego de técnicas sustentables** co medio e **un desenvolvemento do rural** que garanta a preservación do patrimonio cultural, das paisaxes, que **evite o abandono** e amplíe as actividades económicas no rural a algo máis que as agrarias, e promova a **multifuncionalidade**, que implica poñer en valor a forma de vida no rural.

As **axudas directas** recibidas van en función do **número de ha. postas en produción**. Ademais hai axudas para a instalación de novos agricultores e outras polo mantemento da paisaxe e a produción ecolóxica. Hai tamén pagamentos voluntarios por producir **en zonas afectadas polo perigo de abandono (zonas de montaña)** e por producir en certos sectores considerados prioritarios. Estes **pagamentos** son realizados polo **FEAGA**. (Fondo Europeo Agrícola de Garantía). O **FEADER** (Fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural) financia a innovación, as iniciativas de posta en valor da paisaxe e o medio natural e a diversificación do emprego no medio rural. Hai que garantir a continuidade do medio rural, que sexa unha contorna axeitada para vivir, desenvolver unha profesión e atraer o emprego mozo e cualificado. O sector vese forzado a **augmentar a súa produtividade** e mellorar a súa eficiencia ante a necesidade de producir máis con menos, á vez que debe producir para unhas novas preferencias dos consumidores.

O sector ten que afrontar o reto de **minimizar o seu impacto sobre o medio ambiente** (agricultura de conservación), conservar de forma máis eficiente os limitados recursos naturais e adaptarse para producir nunhas condicións climáticas cada vez máis variables e impredecibles.

O sector está apostando pola **tecnificación e dixitalización** (agricultura de precisión), pola innovación biolóxica, pola rápida adaptación aos novos gustos dos consumidores e por un **aumento da profesionalización e dimensión empresarial**.

A paisaxe agraria presentada, unha explotación intensiva, moi relacionada co modelo de agricultura industrial, orientada á exportación, en teoría, está apartada dos criterios de calidade e sustentabilidade que defende o modelo da PAC. Os problemas ambientais de esgotamento dos acuíferos e un uso masivo de axentes químicos alonxan a este modelo dos criterios aprobados na última reforma da PAC. Porén, se atendemos a outros criterios tamén contidos nos obxectivos da PAC, este modelo sería competitivo e moi produtivo o que permite reter

poboación activa agraria e mesmo fomentar a creación de emprego. Este modelo de produción agrícola garante unha dispoñibilidade de produto nos mercados a prezos asequibles, pero a costa de perder en calidade e ameazar o medio ambiente e a propia produtividade do espazo agrario a medio prazo.

PREGUNTA 3. ORDENACIÓN DO TERRITORIO NO ENFOQUE ECOSOCIAL. A POBOACIÓN ESPAÑOLA: ANÁLISE DA SÚA ESTRUCTURA E DESEQUILIBRIOS. (2,5 puntos)

Observe o mapa e responda un destes dous apartados

3.1:

A poboación relativa ou **densidade de poboación** pon en **relación a cantidade de habitantes dun lugar respecto á superficie que ocupa**. En España esa densidade é do 92 hb/km². Unha densidade de tipo medio, pero moi preto do seguinte rango que sería o de 100 hb/km², considerado xa alto.

Unha das características que chama a atención vendo o mapa é o **forte desequilibrio de ocupación que hai entre unhas zonas e outras**. A poboación española **ocupa preferentemente a periferia da península**, os lugares de costa, e, loxicamente, tamén rexistramos altas densidades nos arquipélagos, así como as cidades autónomas de Ceuta e Melilla. Mentres, o interior está feblemente ocupado con densidades baixas de poboación, **exceptuando Madrid e en menor medida Valladolid e o corredor do Ebro**.

Hai 41 millóns de persoas vivindo no 30% do territorio e 6 millóns no 70% do territorio. A existencia dunha economía máis diversificada no arco mediterráneo, onde ademais da importancia da actividade turística, hai centros urbanos importantes, unha agricultura orientada ao mercado e unha industria competitiva, **e unha cornisa cantábrica** tradicionalmente poboada polo desenvolvemento das actividades pesqueiras, industriais e comerciais explican ese **desequilibrio a favor da periferia**.

O interior, tradicionalmente agrario, experimentou un **transvase de poboación** cara as capitais de provincia, pero sobre todo, **cara Madrid**, polo seu indubidable peso político e económico e en menor medida cara Valladolid.

Se analizamos a **evolución histórica** do poboamento debemos salientar que ese peso demográfico da periferia non era tal na idade moderna (**s. XVI, XVII**). **Castela** pola súa importancia política e económica a nivel internacional era a **zona máis poboada da península**. A coroa de Aragón con moito menos peso demográfico, estaba pasando unha crise económica moi potente dende o século XIV. As cidades de Segovia, Burgos, Toledo, Salamanca ou os núcleos costeiros de Cantabria e, en Andalucía, Sevilla eran as zonas que reunían máis poboación. **No século XVIII mudaron as pautas de ocupación do territorio** de xeito que Castela, que no século XVII comeza a experimentar unha progresiva decadencia polo custe de manter a política imperial dos monarcas españoles, non progresa demograficamente. Pola contra, a periferia mediterránea, con Cataluña á cabeza, comeza un avance económico importante ligado ao capitalismo comercial. A apertura de portos para o comercio con América supuxo un pulo importante para a periferia marítima peninsular. Dentro de Castela, Galicia, Murcia ou Andalucía son as zonas máis poboadas polo seu alto crecemento natural.

A mediados do s. XIX a industrialización afectou principalmente a Cataluña, País Vasco, Asturias e encraves illados da costa mediterránea e de Andalucía. Madrid colle pulo por ser a capital

política do país e por ser un centro financeiro. **O proceso industrializador acentúa o mapa de densidades aparecido no s. XVIII.**

O crecemento demográfico do último cuarto do s. XIX e primeiros decenios dos. XX, derivou en **procesos migratorios cara os centros urbanos e rexións máis dinámicas da península.** Antes da Guerra Civil hai unha primeira etapa de éxodo rural das rexións agrarias do interior cara Madrid, Cataluña e País Vasco.

Ese triángulo de prosperidade económica que se crea coa industrialización agudiza os contrastes demográficos. **A política de Polos de Desenvolvemento industrial** do franquismo na época do desarrollismo **tenta potenciar núcleos industriais en rexións tradicionalmente agrarias** para paliar os problemas de aluvián nas grandes áreas metropolitanas españolas. O seu éxito foi relativo e beneficiou ás sedes dos polos orixinando un transvase de poboación a nivel rexional. A chegada do turismo, nos anos 60, vai implicar un pulo na construción de infraestruturas hoteleiras e apartamentos en toda a costa mediterránea e nos arquipélagos, dando lugar a unha concentración de poboación importante que chega ata a actualidade.

Hoxe ademais da **consolidación das áreas demográficas máis densas de Madrid, País Vasco, Cataluña e Levante** aparece, entre o núcleo do País Vasco e a costa mediterránea, **o corredor do Ebro**, con Zaragoza á cabeza, e no sur a área andaluz de Málaga, Sevilla e Cádiz. Outras áreas densamente poboadas están na Galicia costeira e no norte peninsular, Asturias e Cantabria, se ben no caso de Asturias o final do ciclo da minería do carbón está sumindo ao Principado nunha depresión moi longa.

Dentro do contexto europeo, España está lonxe da área máis poboada e dinámica de Europa, o que se coñece co nome da **Banana azul**, un espazo que abrangue dende o sur de Gran Bretaña ata o norte de Italia. Aquí as densidades de poboación e a proximidade dos núcleos urbanos que organizan o territorio é moi notable creando unhas condicións moi atractivas para a xeración de emprego e os procesos de competitividade e complementariedade interrexional. Con todo é a área mediterránea española a que pode verse como unha California europea, un lugar de clima suave, con boas infraestruturas e con estándares de calidade de vida altos. Esta zona é a que ten máis expectativas de achegarse a ese dinamismo do que goza a área central europea. Como contraste está o caso galego, que ocupando unha posición moi periférica desa Banana Azul, ten na proximidade de Portugal e na potenciación da eurorrexión galaico- portuguesa unha vía para equilibrar o peso actual da área mediterránea.

3.2:

As cidades relaciónanse entre si de acordo co tamaño e a variedade de funcións que ofrecen, establecéndose entre elas redes urbanas que operan de acordo cunha xerarquía.

O tamaño e a función son as bases polas que se obtén a xerarquía urbana.

- **Segundo o tamaño :**

No caso español, as grandes cidades sitúanse na periferia a excepción de Madrid e Zaragoza.

No norte temos o denominado Eixo Atlántico, que reúne ás principais cidades galegas unidas pola AP-9, a rexión urbana asturiana, as cidades do País Vasco e Pamplona.

O Eixo mediterráneo dende Girona ata Cartaxena forma un continuo urbano formando unha megalópole.

No sur está a rede urbana andaluza: o triángulo Huelva, Cádiz e Sevilla e na Andalucía oriental o eixo Málaga Granada e Almería.

No interior hai que destacar o val do Ebro, corredor de comunicacións entre o País Vasco, Navarra e o litoral mediterráneo que motivou o desenvolvemento de Zaragoza, nodo de comunicacións.

As grandes metrópolis basculan tamén ao leste peninsular.

- **Segundo as funcións :**

Cidades primarias: especialización no sector primario: andaluzas, manchegas, levantinas.

Cidades secundarias: especializadas na industria. Hoxe localizada nas áreas metropolitanas.

Cidades terciarias: especializadas no sector servicios. Grandes metrópoles nacionais.

- **A xerarquía urbana:**

a- **Metrópolis nacionais:** Madrid e Barcelona. Superan os tres millóns de habitantes. Funcións diversificadas e de área de influencia estatal. Relacionadas coa rede de cidades a nivel mundial.

b- **Metrópolis rexionais:** Superan os 500.000 hb. Servicios de alto rango, administrativos e comerciais. Manteñen relacións coas metropolis nacionais. Falamos de Valencia, Bilbao, Zaragoza, Sevilla, Málaga.

c- **Metrópolis subrexionais:** Oviedo, A Coruña, Vigo, Alacant, Murcia, Valladolid. Cidades cunha poboación superior ós 250.000 hb. e con capacidade para organizar o seu territorio a nivel rexional.

d- **Cidades Medias:** Capitais de provincia. Funcións terciarias menos especializadas

e- **Cidades pequenas** . Menos de 50.000 habitantes. Nodos de transporte a nivel comarcal.

Así pois, despois de Madrid, cun desenvolvemento urbano extraordinario que organiza o territorio non só da súa comunidade senón tamén o das provincias limítrofes, está o caso da área mediterránea que crea un continuo urbano dende Almería ata a fronteira con Francia. Barcelona, o outro polo urbano español de primeira categoría, cun papel decisivo no ámbito catalán; Valencia, a terceira capital española, ou Murcia, noutro escalón urbano respecto as outras dúas, exercen unha influencia nas súas respectivas comunidades, pero tamén ofrecen servizos que poden ser atractivos para poboación allea a esta área. A existencia dunha economía máis diversificada no arco mediterráneo, onde ademáis da importancia da actividade turística conta cunha agricultura orientada ao mercado, unha industria variada e competitiva e uns centros de formación e investigación reputados exerce unha forza de atracción para persoas que proceden doutras comunidades.

PREGUNTA 4. VOCABULARIO XEOGRÁFICO ESPECÍFICO. (2,5 puntos)

Defina cinco dos dez conceptos resaltados no seguinte texto, xustifique a súa elección e aporte un exemplo significativo da España actual. (0,5 puntos por concepto)

1. **ODS (Objetivos de Desenvolvemento Sustentable):** Son 17 obxectivos de desenvolvemento humano programados pola ONU para atallar unha serie de problemas mundiais: a pobreza, a desigualdade económica, o cambio climático e a degradación ambiental, igualdade de xénero, un modelo urbano sustentable, produción e consumo sustentables, o progreso na educación, a paz e a xustiza. Este programa, que comezou no ano 2015 e finaliza no 2030, preséntase como unha oportunidade para que os países emprendan un novo camiño co que mellorar a vida da cidadanía, en especial, naqueles lugares onde estes problemas son máis acuciantes.
2. **Esperanza de vida:** Son os anos que se espera que viva unha persoa nacida nun país de acordo co sistema médico sanitario existente no momento de nacer. No caso español esta taxa foi incrementándose ao longo do s. XX dende os 35 anos ata chegar á actualidade onde temos unha das taxas máis altas do mundo: 83 anos (85 anos para as mulleres e 80 para os homes). O estilo de vida, o modelo alimentario e o estado do sistema sanitario explican estas taxas tan altas.
3. **Municipio:** Unidade territorial- administrativa máis básica recoñecida pola Constitución de 1978. Está organizado por un concello dirixido por un alcalde e unha corporación elixidos democraticamente. De orixe castelán, onde o poboamento está concentrado, esta división territorial de tipo política non consegue adaptarse á realidade de Galicia onde o nome do municipio coincide co núcleo de poboación máis grande, pero que está lonxe de reunir a maior parte da poboación do concello, razón polo que a poboación segue a demostrar máis apego á parroquia que non ao municipio.
4. **Comunidade Autónoma:** División político administrativa do territorio que engloba a varias provincias que aparece coa Constitución de 1978, se ben esta figura xa aparece recollida na Constitución de 1931. De feito hai tres nacionalidades históricas (Galicia, País Vasco e Cataluña) que accederon á autonomía pola vía rápida do artigo 151, mentres que o resto das CCAA ata as 17 que configuran o Estado descentralizado español fixéronno polo artigo 143. Cada CCAA está dotada dun goberno, parlamento e tribunais de xustiza propios.
5. **Paisaxe:** Calquera parte do territorio, tal como a percibe a poboación, resultante da interacción de elementos bióticos, abióticos e antrópicos. A paisaxe constitúe o obxecto de estudo da xeografía por ser o escenario da interrelación dos elementos naturais e a acción humana. Podemos distinguir paisaxes naturais e paisaxes humanizados.
6. **Aridez:** Período do ano no que o valor de precipitación está por debaixo do valor dobre das temperaturas de xeito que aparece o déficit hídrico que limita o desenvolvemento da vexetación e xera sequidade. Nos climas mediterráneos os meses que rexistran aridez deixan aos ríos sen auga.
7. **Agricultura ecolóxica:** É un sistema de produción agraria que mantén a fertilidade do sol o a través do emprego de practicas agrícolas que evitan os produtos da agroindustria (sementes modificadas xeneticamente, fertilizantes químicos ou praguicidas). Para recibir o certificado de produción ecolóxica deben empregarse técnicas de policultivo como sistema natural de protección contra as pragas e un uso extensivo da terra que evite o seu esgotamento e garanta a sustentabilidade ambiental.
8. **Crecedemento vexetativo:** É o resultado de poñer en relación o número de nados menos o número de falecidos nun país ao longo dun ano. No momento actual en España este crecedemento é negativo por posuír unha taxa de natalidade moi reducida e presentar unha taxa de mortalidade incrementada como consecuencia do aumento do número de

persoas vellas a consecuencia do avellentamento tras a redución da fecundidade nos últimos 40 anos.

9. **Inverno demográfico:** Situación que se produce actualmente en países que están no réxime demográfico moderno, con taxas de fecundidade que están por debaixo da taxa de reposición (2,1 fillos por muller), o que provoca un avellentamento da poboación e a necesidade de favorecer a inmigración de cara a cubrir os postos de traballo necesarios para o funcionamento da economía. Esta problemática é significativa nos países máis avanzados da UE e Xapón, así como tamén en Rusia.
10. **Poboación activa:** É aquela que está comprendida entre os 16 e os 65 anos que está ocupada ou en paro. Quedan excluídos dentro deste sector de idade aquelas persoas que son estudantes, amas de casa, pensionistas por razóns de invalidez, os discapacitados e os rendistas. Esta taxa en España medrou coa incorporación da muller ao mundo laboral e a chegada dos inmigrantes entre mediados da década dos 90 e o 2008.